Magdalena, 4.4.65

Sr. Don Valentin Paz-Andrade
Vigo.-

Querido Valentin:

Recibín a túa do 9 de marzal, e o material e postal que deixache en Roma.

Antonte, Luis i-eu, deixamos deixamos a cousas baixo o patrocinio de Villamarin, quen, de inmediato, puxolle seu entusiasmo á cousa e tomou as medidas necesarias pra que progrese rapidamente. De antemán iste home tiña ofrecido por seu lomo nunha tarefa semellante. O Centro patrocinará o mensaxe, o pubricará, e invitará a sumarse a il as outras entidades de acó e de fora.

Luis, que agora dirixe a revista do Centro, terá de sua mao o cuidado da cousa.

Teu traballo e mañifico. Felicíto e coma galego agradézocho. O capidoo de ensiño primario vai ser de unha eficiencia asombrosa. O intboito o refará Luis pra adautalo millor a certas circunstancias queddeberá salvar. Nos tomamos a libertade de suprimir o tópico 9 engadindolle seu primeiro párrafo ö 8. Coidamos que queda millor asi. E un perigro meterse nas solucions de unha custión tan eminentemente teunica, que extravasa o ouxetivo fundamental: a correución das estructuras. Por outra banda nin Gallástegui estaría de acordo coa tua recomendación gandeira,nen as eisperencias feitas dos derradeiros tempos por varios amigos nosos poden aconsellar tal economía pra un área tan saturada. Pola contra nos pareceu que si se recurre a citar textos vaticanos, i-eso está ben, pra o do idioma, ?por qué non se vai recurrir tamen o vaticano na reestructuración agraria? Asi citouse o criterio que manten na FAO a meio do seu ouservador. Coido que aceutaras istas pequenas modificacións que non afeutan ren a estructura nen a redaución do traballo, xa que a ningunha das duas cousas se lle tocou.

Coido que se todo sae como está proieutado vai ter gran trascendencia o impacto, e coma a cousa está crara coma a auga algo se vai a andar, na práctica ou na concencia que tarde ou cedo determiñará á práctica.

Boeno. Antonte embarcou no Arlanza Antón Baltar e Mireya. O 17 os teredes por Vigo. Hai que ver de que iste home se quede por Galiza. Si se lle anima iso lle será ben facil. Incruso facendo algunha eisperencia de mediciña socio-mutual.

Eu teño a idea de voar pra mediados do mes que ven.

Pepe N. Búa non anda ben de saude,e dice que non lle contestas suas cartas.

Iste pais anda por inercia da sua tremenda riqueza primaria a pesar dos gobernos. Magdalena ben,

Garimosas lembranzas a Pilar e Alfonso, e unha cordial aperta a ti de teu sempre amigo

Isaac